



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 16 DE DECEMBRO DE 2010**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos  D. Manuel R. Vilar Marquez  D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña.Laura Miguez Pérez Dña. Teresa Perez Vieira D. Manuel A. Gonzalez Marcote  D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>SECRETARIA:</u>	Dña.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a dezaseis de decembro de dous mil dez, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.**

**Acta de 10 de novembro de 2010.**

O Sr.Alcalde pregunta se hai algún comentario que facer á devandita acta, e non producíndose ningún, fica aprobada por unanimidade a acta do día 10 de novembro de 2010.

---

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.**

Os concelleiros dispoñen das devanditas resolucións da Alcaldía.

---



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

### **3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI 15/2010.**

Dase conta polo **SR.ALCALDE** da seguinte:

#### **PROPUESTA DE LA PRESIDENCIA**

La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales señala en su artículo 4.3: "*Los Tesoreros (...) elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda, y en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades Locales (...)*".

Asimismo el artículo 5.4 de dicho texto legal señala: "*La Intervención u órgano de la Entidad Local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el ejercicio anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el Registro de Intervención y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos.*

*El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la sesión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación*".

En consecuencia en cumplimiento del citado mandato legal esta Alcaldía eleva al Pleno los informes de Intervención y Tesorería a que hace referencia la Ley 15/2010, correspondientes ambos al periodo que media entre el 7 de julio de 2010, que fue la fecha de entrada en vigor de la Ley 15/2010 y el 31 de octubre de 2010. Debiendo ser remitidos posteriormente a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y los de la Comunidad Autónoma que, con arreglo a la normativa autonómica, tengan competencia en la materia, de conformidad con lo previsto en artículo 4.4 de la Ley 15/2010.

---

### **4.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DE ACTIVIDADES SOCIAIS, CULTURAI, MEDIO AMBIENTAIS, DE PROMOCION DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, XUVENTUDE, DEPORTIVAS E ACTUACIONES MUSICAIS A REALIZAR NO ANO 2011.**

O **Sr.Alcald**e cede a palabra á **Sra.Interventora**.

**SRA.INTERVENTORA.-** Revisadas las bases de dicha convocatoria hay únicamente un error en la primera hoja, en el artículo 2, cuando habla de que la consignación presupuestaria es de 19.500 euros; son 20.000 euros, como pone en mi informe y en la propuesta de Alcaldía.

**SR.RODAL, PP.-** Buenos días; espero que este Pleno sea muy grato para todos, creo recordar que el último que celebramos, que había sido por la tarde, ya lo había sido. Felicitar al Sr.Fernández porque va a estar 4 años más en la Corporación Municipal; de los que están aquí,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

por el momento, son el Sr.Fernández y el Sr.Almuiña los que sí van a estar, e imagino que seguirá también alguien más de los que estamos aquí, bien en el equipo de gobierno ó bien en la oposición. Decirle al público asistente que el trabajo político realmente a veces no es muy agradecido puesto que tanto la labor de la oposición como la del equipo de gobierno es bastante dura, y a veces no se aprecia todo lo que se hace.

También quiero felicitar a Angeles Silva porque como ustedes saben ha conseguido para nuestro Municipio un premio de la Diputación con una dotación de 6.000 euros, como reconocimiento a la labor de los Servicios Sociales, tanto por parte de ella como Concejala como de sus técnicos; polo Programa de "Tí tamén podes", de apoyo a la discapacidad.

También felicitar a Rosa Ana Marcote, Concejala de Comercio, por el premio también concedido por Diputación dotado con 5.000 euros, por dinamizar el comercio en los centros urbanos. En estos momentos de crisis estas cuantías nos vienen muy bien al Ayuntamiento de Baiona, pero sobre por el reconocimiento al trabajo hecho tanto por una como por la otra.

Con respecto al punto que tratamos, procedo a leer la Propuesta de Alcaldía:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Co obxecto de fomentar a actividade asociativa e cultural do noso municipio propónse a aprobación das bases para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2011.**

**Estas bases cumpren co obxectivo de conceder ós interesados unha axuda económica, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de transparencia, e publicidade o abeiro da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Baiona e da normativa existente.**

**O importe total da consignación para estas axudas ascende a 20.000 € que se imputarán á partida 924-48900 do orzamento de 2010 prorrogado para o 2011, sen prexuízo de que se poida incrementar no Orzamento do ano 2011, unha vez sexa aprobado**

**É por isto que propoño ó Pleno da Corporación:**

**PRIMEIRO.- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2011 no Concello de Baiona.**

**SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.**

---

**SR.RODAL, PP.-**Decir que en el ejercicio de 2010 se concedieron ayudas a 39 asociaciones de Baiona, por un importe de 18.720 euros; de estas asociaciones renunciaron, ó no presentaron la documentación, 4; por lo cual el importe efectivamente concedido ha sido de 17.220 euros. Este año hay un incremento; el año pasado fueron 19.500 euros, este año son 20.000; por lo cual hay un incremento del 2,5%.

**SR.LORES, PSOE.-** Como decía o compañeiro Angel, en primer lugar felicitar a Jesús Almuiña, pola súa candidatura, e a Xose Enrique pola súa; de momento a candidata do PSOE non está, pero dámola por felicitada tamén; e esperamos que o Sr.Vilar tamén nos presente a súa candidatura; estaremos todos expectantes a ver o que ocorre nas próximas eleccións.

En canto ó presente punto decir simplemente que vamos a votar a favor.



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.VALVERDE, BNG.**- Eu non llos vou felicitar, perdoen, pero é que os compadezco realmente por ter que encabezar as listas, polo traballo que lles espera neses próximos 4 anos; espero que o fagan o mellor posible e defendendo os intereses dos veciños, que é o que prima.

Referente a este punto, o BNG vai manterse na mesma textura que nos anos anteriores xa que as Bases veñen sendo básicamente as mesmas, co cal o noso voto vai ser de abstención debido a que nós houberamos feito sempre unhas bases distintas a éstas, esobre todo no referente ás actividais dos grupos musicais, que entendemos que é unha maneira de ter unha actuación a un prezo taxado e que aínda por riba lle complica administrativamente ó ter que cobrar eses cartos, cando lle sería moito máis fácil que se contrataran e pagaran as actuacións simplemente, sen ter que presentar e xustificar tanta documentación.

Polo tanto o noso voto vai ser de abstención neste punto.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Nós estamos a favor como non pode ser doutro xeito.

---

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resultan: votos a favor, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); ); abstencións, 2,BNG.

---

Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2011 no Concello de Baiona.

**SEGUNDO.-** Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

---

## **5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADXUDICACION DEFINITIVA DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á **Sra.Interventora**.

**SRA.INTERVENTORA.-** En el Pleno anterior se había traído la adjudicación provisional de prestación del servicio de Ayuda en el hogar, una vez transcurrido el plazo y al no haberse presentado alegaciones, se eleva a definitiva la adjudicación provisional a MEULAR S.L., en el precio pactado por dicha empresa y las mejoras recogidas en su oferta. La duración del contrato inicialmente es de 2 años, con opción de prórroga por otros 2; será efectiva a partir del 1 de enero del próximo año.

**SR.RODAL, PP.-** Se trata ahora de la adjudicación definitiva; decir que es un servicio muy importante en Baiona y recordar que actualmente hay 21 usuarios que están dependiendo de este servicio; es una labor muy importante que se está haciendo desde la Concejalía.

**SR.LORES, PSOE.-** Noso voto é a favor.

**SR.VALVERDE, BNG.**- O noso voto tamén é a favor neste punto.

---

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.

---



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.**- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de xestión do servizo de axuda no fogar a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU.

**Segundo.**- Formalizar o contrato no prazo de dez días.

---

## **6.- CONCESION, SE PROCEDE, DO LAZO DE HONRA O SR. EUGENIO MARCOTE GOMEZ.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR.VILAR, CMÑ.**

**SR.VILAR, CMÑ.**- Despois de pasar a Comisión Informativa correspondente, coa unanimidade de tódala Corporación, cousa pola que debemos de congratularnos todos, vamos dalgún xeito a fundamentar esta Proposta da concesión do "Lazo de Honra" a D.Eugenio Marcote Gómez.

**PROPUESTA PRESENTADA A LA COMISIÓN DE HONORES Y DISTINCIONES DEL AYUNTAMIENTO DE BAIONA PROPONIENDO LA CONCESIÓN DEL "LAZO DE HONOR", DISTINCIÓN PREVISTA EN EL REGLAMENTO DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BAIONA, PARA PREMIAR LA LABOR DE AQUELLAS PERSONAS QUE REALICEN O HAYAN REALIZADO UNA LABOR RELEVANTE EN PRO DE LA COMUNIDAD. ASPECTOS QUE SE CUMPLEN AMPLIAMENTE EN LA TRAYECTORIA DE D. EUGENIO MARCOTE GÓMEZ "QUENIO".**

### **INTRODUCCIÓN**

Continuando en la línea emprendida por este gobierno de reconocer públicamente todas aquellas acciones realizadas por personas o colectivos que lleven consigo el engrandecimiento de Baiona. Y desde el convencimiento de que sin la implicación de los ciudadanos cualquier gobierno, sea cual sea su color político, fracasaría en el intento de contar con una sociedad participativa, solidaria y comprometida en la conservación de todo aquello que hemos heredado de nuestros antepasados y que lleva implícito el engrandecimiento de nuestro futuro.

También desde la convicción de que la sociedad debe participar y promover a través de asociaciones, o de cualquier otra fórmula que aglutine a un colectivo humano, acciones por cuenta propia o apoyando a las instituciones que las promuevan. Para de forma conjunta llevar a cabo proyectos que redunden en beneficio de todos y hagan efectivo el desarrollo personal, económico y social de nuestro municipio.

Por todo ello y con el objetivo de reconocer su trabajo y que sus trayectorias sirvan de ejemplo, creemos necesario, divulgar, reconocer y premiar el esfuerzo realizado por personas y colectivos que nos permiten seguir sintiéndonos orgullosos del lugar en el que vivimos.

### **FUNDAMENTO**

**Este es el caso de Eugenio Marcote Gómez, querido y respetado tanto por su trayectoria personal, como por su implicación en todo tipo de actos de carácter religioso, cultural o benéfico. También en todos aquellos relacionados con la recuperación y conservación del patrimonio histórico.**



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Eugenio, Quenio para los amigos, nació en el barrio de A Laxe, y como muchos otros niños de la época, -corría el año 1943- aprendió las primeras letras en la única escuela existente en Baiona. También como muchos otros escolares de entonces, colaboraba con la iglesia haciendo funciones de monaguillo. Su buena disposición le condujo a participar en otras actividades organizadas por la parroquia de Santa María, y su afán por aprender lo llevó hasta Tui, concretamente al Seminario Menor, donde curso los estudios primarios.

Eran años difíciles en los que se hacía necesario espabilarse y aplicarse en aprender un oficio para pasar a formar parte cuanto antes del mercado laboral. La carpintería fue la profesión elegida y la que le permitiría sacar adelante en el futuro a su familia, además de ser útil a la comunidad.

La responsabilidad de formarse como profesional no le impidió disfrutar de sus aficiones y de sus años mozos ya que era un habitual de las rondallas de los guateques y de las veladas en el Stella Maris. En esos años conoció a Rosa que sería más tarde su esposa y la madre de sus hijos Eugenio José y Gema.

A mediados de los años sesenta, de forma totalmente altruista, desempeñó el cargo de alcalde de barrio de A Laxe e San Xoán. Una función que siguió realizando hasta que esta figura quedo disuelta administrativamente a finales de los ochenta.

Por esa misma época se implicó, junto a otros vecinos, en la recuperación de la Sección Adoradora Nocturna Turno San José. Lo lograron en 1976. Desde entonces fue secretario de la misma. Transcurridos tres años fundó la Sección de Adoradores Nocturnos Juveniles Tarsicios.

Eugenio fue el principal promotor de la Vigilia organizada para conmemorar el quinientos aniversario de la Arribada de la Carabela Pinta a Baiona. Acontecimiento que reunió en la Real Villa a un gran número de autoridades políticas y religiosas de todo el mundo. Sobre todo de América.

En los años setenta, Eugenio, comenzó a colaborar en calidad de secretario con la Santa Casa de Paz y Misericordia, única hermandad superviviente de entre los numerosos Gremios y Cofradías que existían antiguamente en esta villa. Según consta la capilla de la Misericordia, aún hoy sede de la obra Pía, construida bajo la advocación de Santa Isabel por el Capitán Rodrigo García y orden del Rey Felipe II.

Durante los más de treinta años de labor desinteresada, Eugenio invirtió muchas horas en transformar y actualizar la imagen de la Hermandad adaptándola a los nuevos tiempos y dándole un cariz integrador. Logró logrando que muchas de las actividades que se realizan hayan pasado a formar parte en los ámbitos culturales y artísticos municipales, así como con la participación de amplios sectores de la sociedad baionesa.

El cuidado y empeño puesto en la restauración de la capilla de la Misericordia, auténtica joya arquitectónica perteneciente al patrimonio histórico de Baiona, es uno de los logros más importantes de Eugenio. Para llevarla a cabo promovió estudios sobre el retablo barroco de la capilla que fueron realizados por el departamento del Historia del Arte de la Universidad de Santiago de Compostela y que sirvieron de base para su posterior restauración.

A la Puesta en valor de la capilla hay que añadir la restauración de tallas e imágenes así como al saneamiento del pavimento interior de la capilla y de la



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

sacristía, así como la renovación de los trajes bíblicos empleados en la procesión de los Pasos.

Eugenio Marcote también ha colaborado en la elaboración de distintos estudios relacionados con la historia de Baiona; estudios generalistas, presencia de la comunidad judía en nuestra villa, relaciones entre Galicia e Irlanda en la época de la reforma y contrarreforma, o presencia de la inquisición en Galicia, entre otros.

Quenio, como le conocíamos en Baiona, se sentía muy orgulloso tanto de la capilla como de lo que ésta guarda en su interior, por este motivo siempre estaba dispuesto a mostrarla a quien se lo pidiese orgulloso de su buen estado de conservación. Dada la buena acústica de esta instalación fue utilizada en más de una ocasión para realizar conciertos, charlas y eventos culturales de toda índole.

Eugenio también se sentía especialmente orgulloso de la concesión de que el ayuntamiento de Baiona hubiese otorgado la Medalla de Oro de la Villa a la Hermandad. También de la Bula Papal concedida por su Santidad Juan Pablo II.

Por todo lo manifestado, los grupos municipales del Partido Popular y Coalición Miñorana proponen a la Corporación de Baiona conceder a Eugenio Marcote Gómez, a título póstumo el Lazo de Honor del Ayuntamiento de Baiona.

**Baiona, 9 de diciembre de 2010**

---

**SR.RODAL, PP.-** Creo que en este punto todos estaremos a favor despues de la Comisión de Honores y Distinciones que hemos tenido recientemente. Me permito personalmente poder hablar de Quenio porque era un gran amigo de mi padre, ya fallecido, y también porque viví mi infancia con sus dos hijos, tanto con Gema como con mi amigo Queni; tengo muy buenos recuerdos; aunque obviamente el Lazo de Honor no se lo damos por estos motivos; se lo damos por todos los que ya comentó Manolo Vilar, sobre todo en cuanto al tema de la Misericordia. Como concejal de Turismo tengo que agradecerle a Eugenio Marcote Gómez el que, en todas las visitas guiada que hemos hecho, gratuitas, en el casco histórico, en estos últimos años en la época estival, siempre nos ofreciera la Misericordia para poder explicar todo lo relativo a los monumentos, y a ese retablo barroco de una gran importancia, incluso ese Cristo que está en el altar y que tiene una gran leyenda pues se decía que había venido de América con oro en su interior y que había sido para sufragar los gastos de la Cofradía. También tengo que agradecerle, ya que fué el año pasado el reconocimiento del Camino Portugués por la Costa, que nos abrieran y cedieran, tanto él como las personas de la Santa Casa, la apertura de la Misericordia para que la gente viese esa imagen de Santiago Peregrino ecuestre. Por todo esto, y cómo no, por todos los detalles dados por Manolo Vilar, que no sé si nos quedará alguno en el tintero, pero sobre todo por la labor de apoyo en Baiona a nivel cultural, decir que es muy merecedor de este Lazo de Honor; y decir también, a nivel autocrítico, no mío sino de todos, que creo que se le debería haber dado no a título póstumo sino haberselo concedido en vida; en cualquier caso es de justos hacerlo ahora.

**SR.LORES, PSOE.-** Para o grupo socialista tamén é un recoñecemento merecido; posiblemente tamén haxa outras persoas en Baiona que o merezcan, pero sen ningunha dúbida Quenio é merecedor absoluto desta distinción; nós, despois do que dixo o Sr.Vilar, practicamente pouco máis temos que decir, máis que é un home que representaba os valores máis profundos, creo que incluso do pobo de Baiona, e da xenerosidade; él sempre estaba disposto a compartir os éxitos dos demáis, nunca tiña ningunha mala reacción ante os éxitos dos demáis foran ou non foran da súa cercanía ou do seu ámbito, e tamén tiña sempre unha palabra de consuelo e de axuda cando había algún percance; sempre tiña un sorriso de complicidade. Por outro lado decir



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

que tamén tiña outro valor que é a discreción; era un home que traballaba sempre con moitísima discreción, sempre en segundo plano, pero o seu traballo era imprescindible para que as cousas ó final saíran ben; éste é un valor que creo que hai que realzar: o traballo con discreción, que por certo é algo tamén moi típico dos baioneses; os baioneses temos esa capacidade de traballar sempre na segunda fila pero todos apoiando que o noso pobo, e a nosa sociedade e a nosa cultura, vaian para arriba.

Tamén tiña outro valor, que era o respecto; era un home leal ós seus principios, e creía neses principios, pero tamén era moi respetuoso e comprensivo con outros principios que non foran os seus; incluso nós tiñamos cousas nas que non coincidíamos con él pero sempre tiña unha palabra de respecto e de comprensión; decimos moitas veces que a Cultura está nos pobos, pero está na súa xente, e Quenio foi un home que fixo cultura en Baiona; polo tanto o noso máximo respecto e a nosa felicitación a súa familia, non so por este premio senón pola labor que fixo Quenio neste pobo. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Despois do dito anteriormente e do que acaba de aportar brillantemente o Sr.Lores, e Angel Rodal tamén, dalgunha maneira xa nos quedou descrita a figura de Quenio; pero me gustaría recordar que él, xa unha vez xubilado, tiña a carpintería e a mantiña exclusivamente para restauración das imaxes, en canto a todo o que representa o tema da procesión, que é unha das grandes tradicións que ten Baiona; todo iso hai que recalcalo. Ademais tamén era un gran colaborador da Corporación Municipal, sempre estaba en tódolos actos que o necesitáramos; e por suposto o que cabe decir Anxo, que xa nos gustaría darlle en vida este merecemento, pero desgraciadamente ingresou nun Centro médico para operarse creíndo que ia sair ben da operación e surxiu un fatal desenlace, polo que non nos queda máis remedio que facerlle este recoñecemento a título póstumo. E así a vida. Todos estamos volcados nesta distinción, polo tanto parabéns para todos porque dignifican á Corporación.

**SR.ALCALDE.-** O meu agradecemento a tódolos concelleiros porque creo que unha distinción deste nivel debe ser unánime; é un mérito de Eugenio Marcote; era unha persoa con tódolos valores, do traballo, da conservación do patrimonio. Penso que ó final as Vilas non son as pedras, senón que son as persoas; e grazas a persoas como Eugenio Marcote, Baiona está onde está; o futuro depende de tódalas persoas que contribúen. Por todo iso, agradecer a tódolos corporativos a unidade para resaltar os valores dunha persoa e que deberan reflexarse como exemplo para tódala xente xoven que ven detrás. Moitas grazas.

---

**Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal, o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:**

**CONCEDER a D.EUGENIO MARCOTE GOMEZ, a título póstumo, o LAZO DE HONRA do Concello de Baiona.**

---

**7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELO DE BAIONA DO ANO 2009.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á **Sra.Interventora**, quen da conta da seguinte:

**PROPUESTA DE LA ALCALDIA**





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

La Cuenta General del Ayuntamiento de Baiona correspondiente al ejercicio 2009, formada por la Cuenta del Concello de Baiona y la Cuenta del Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona, fue sometida a informe de la Comisión Especial de Cuentas el día 30 de septiembre de 2010.

Con el dictamen de la Comisión, fue sometida a información pública durante un plazo de 15 días y ocho más, previa publicación en el B.O.P. nº 198 de 14 de octubre de 2010.

Transcurrido este plazo sin que se presentasen reclamaciones a la misma, como se certifica por la Secretaría General con fecha 13 de diciembre de 2010, desde esta Alcaldía se somete al Pleno de 16 de diciembre de 2010 para su aprobación y posterior remisión al Consello de Contas y al Tribunal de Cuentas, como establece el artículo 223 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo, al objeto de cumplir los plazos de remisión que marca dicho texto legal.

---

SR.LORES, PSOE.- Imonos abster neste punto.

SR.VALVERDE, BNG.- Tamén nós imonos abster.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor.

---

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resultan: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 8 (6,PSOE; 2,BNG).

---

Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:

**APROBAR A CONTA XERAL DO CONCELLO DE BAIONA DO ANO 2009.**

---

## **8.-MOCIONS.**

### **8.1.- MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO.**

O SR.ALCALDE di que o motivo da urxencia da Moción xa foi comentado cos portavoces anteriormente ó Pleno; pide disculpas, foi por motivo de descoordinación, sendo responsabilidade do Alcalde. A Urxencia é debida a que o contrato de limpeza do Concello ten posibilidade de prórroga de 1 ano, finalizando dentro duns días.

---

Se procede á votación da Urxencia polo Sr.Alcalde, resultando aprobada por unanimidade.

---

O SR.ALCALDE cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta da seguinte:

### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

El Pleno de la Corporación en sesión de fecha 18/12/2008, luego de la resolución de las alegaciones habidas adjudicó definitivamente el servicio de limpieza de las instalaciones municipales del Concello de Baiona a favor de la entidad mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA con CIF A36621464.

Con fecha 30 de diciembre de 2008 se firmó con dicha empresa el contrato de prestación del servicio de limpieza de las dependencias municipales con un plazo de duración de dos años.

La Cláusula cuarta del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares regulador de la licitación señalaba, en cuanto a la duración del contrato, lo siguiente: "Dos años desde su formalización, pudiendo prorrogarse, por periodos anuales, hasta una duración máxima del contrato de cuatro años, en los términos del artículo 279 LCSP. La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes de conformidad con el artículo 23.2 del la LCSP".

Estando próxima la finalización del contrato, esta Alcaldía eleva al Pleno, como órgano de contratación, el siguiente ACUERDO:

**Primero.-** Conceder a la entidad mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA con CIF A36621464 una prórroga del contrato de prestación del servicio de limpieza de las instalaciones municipales por el plazo de un año, siendo efectiva desde el día 1 de enero de 2011

**Segundo.-** Notificar a la empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA

---

**SR.RODAL, PP.-** Estamos totalmente de acuerdo con esta prórroga de 1 año.

**SR.LORES, PSOE.-** Estamos a favor deste punto.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Nos imos abster tamén neste punto porque o tema da limpeza, como xa comentamos no momento da adxudicación, entendemos que tiña que ser realizado con medios propios; sendo coherentes co dito naquel momento, aínda que non temos nada en contra da prórroga, pero si manifestamos o noso sentido coa abstención.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos a favor.

---

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resultan: votos a favor, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); abstencións, 2,BNG.

---

Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:

**Primero.-** Conceder a la entidad mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA con CIF A36621464 una prórroga del contrato de prestación del servicio de limpieza de las instalaciones municipales por el plazo de un año, siendo efectiva desde el día 1 de enero de 2011

**Segundo.-** Notificar a la empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA

---



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

## **9.-ROGOS E PREGUNTAS.**

### **PREGUNTAS DO BNG (feitas xa no Pleno anterior e que ficaran pendentes de resposta).**

1º.- ¿Existe algún tipo de negociación ou Convenio para a compra ou permuta por parte do Goberno local, como propiedade municipal, da propiedade do edificio que se vai a derribar en Carabela Pinta?.

**SR.ALCALDE.-** Nada de nada, ningunha negociación.

---

2º.- O asfaltado dos viais de Santa Marta e de Punxido, ¿a qué proxecto corresponden e que orzamento teñen?.

**SR.ALCALDE.-** Están dentro do Plan de Inversións da Deputación; están divididas as dous parroquias en dous proxectos; en ún están Baredo e Baiona, e noutro están Belesar, Santa Cristina, e Bahiña.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Ou sexa, que o orzamento é conxunto.

**SR.ALCALDE.-** Si, pero está en dous bloques; nun bloque de parroquias: Baredo e Baiona, e noutro bloque: Belesar, Santa Cristina, e Bahiña.

---

3º.- ¿Cándo pensan presentar os orzamentos do 2011?.

**SR.ALCALDE.-** Estamos estudiando se vale a pena presentálos ou prorrogar; salvo que haxa razóns técnicas en principio posiblemente non se presenten.

---

### **PREGUNTAS DO BNG .**

1º.- ¿Ten o camping Baiona Playa algún tipo de licenza municipal para a ampliación das instalacións de novas casas prefabricadas que levou a cabo nas últimas semanas?.

**SR.ALCALDE.-** Vou a contestar xa ás 3 primeiras preguntas posto que se refiren ó Camping Baiona Playa; ante un informe da Policía, se abriu un expediente, e neste momento está facendo o técnico municipal un informe para a apertura do mesmo e ver exactamente en qué consisten esas obras, o que denunciaba o portavoz do Bloque, e a cobertura legal que alí se dá. Abríuse o expediente, se incorpora o informe da Policía, se incorpora hoxe xa o informe técnico, e logo lóxicamente se abrirá o período de alegacións; se informara do resultado deste expediente aberto.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Con respecto a isto decirlle que nós solicitáramos unha copia do informe da Policía e non se nos entregou; xa fai unha semana e pico.

2º.-¿ En qué situación se atopa a sentenza do Tribunal Supremo de derribo das casas prefabricadas e recurrida ante o Constitucional?.

**SR.ALCALDE.-** Non temos comunicación; de tódolos xeitos nos próximos días intentaremos saber se o noso abogado ten algunha noticia máis; dende onte non podemos contactar con él.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**3º.- ¿En qué situación de prazos se atopan as obras do Plan E?.**

**SR.ALCALDE.-** Están todas rematadas salvo dúas que eran as que tiveron o problema da empresa á cal tomamos a decisión de rescindir o contrato, son: Saneamento de Parroquias e San Antón. Xa pedimos ampliación do prazo; esperemos que en xaneiro estén rematadas ditas obras.

**SR.FERNANDEZ.- ¿Se solicitou esa ampliación de prazo?.**

**SR.ALCALDE.-** Sí, xa se solicitou; como sabedes, esas dúas obras foron adxudicadas a unha empresa que renunciou; houbo que seguir o procedemento habitual, colléndose ás seguintes empresas; unha creo que é Construcciones DIOS, e outra ATLAS.

**SR.FERNANDEZ.-** Unha das preguntas que ía facer é: *¿Daranse acabadas nos prazos establecidos?*; si se supón que se solicitou xa a ampliación e está contestada xa afirmativamente, daráanse cumpridos; ¿ou non se contestou aínda?; se supón que estarán dentro dos prazos.

**4º.- ¿Ten coñecemento dos atropellos que están causando á vecindade as obras de San Antón debido á falla de profesionalidade da empresa constructora e da educación do encargado que a representa?.**

**SR.ALCALDE.-** Dende o principio estamos facendo un seguimento especial porque o saneamento de San Antón é moito máis cunha obra de saneamento; sabedes que se instalaron pluviais, abastecemento, tamén o abastecemento do Parador, que antigamente ía por fincas; e despois un saneamento novo, porque se estaba creando un gran problema ós veciños porque era dos antigos, estaba roto, e dende o principio evidentemente sabíamos que era unha obra complicada. Tamén tivo, como ben comentamos fai un momento, o tema do cambio de empresa, o que dificultou e retrasou as obras; de todas formas non son 6 meses, como onte se decía; senón que son 4, porque teño que recordar que a Carreira pedestre foi o día 22 de agosto e se iniciou o día seguinte, pero cando realmente se empezou a bloquear foi a partir de setembro. De todas formas revisamos a obra moitas veces, tanto a concelleira de Urbanismo, o concelleiro de Medio Rural, eu mesmo, co Director da obra, o inxenheiro que fixo o proxecto, e estamos agora facendo algo que non queremos deixar atrás; estamos tratando, a ver si é posible, o peche xa definitivo do asfaltado antes das festas, pero como decíamos é complicado que podamos facélo. Esta obra ten dificultades de accesibilidade; ten un número importante de casas, co cal haberá moitas conexións; a pendente que ten ese terreo; a roca, que tamén ten en parte importante, todo iso fai que as dificultades se acumulen; ademais as vías de acceso alternativas son moi malas; pero como decía, dende fai máis de 1 ano en calquer proxecto de saneamento o que se fai é pedir un control de calidade, ten que pasar un ratón cunha cámara de video, facer unha grabación e demostrar que todas as conexións e as unións están perfectas, e ademais probas de presión, para comprobar que a obra queda en perfecto estado e que non vamos a ter problemas. Desgraciadamente temos a historia previa de obras que a día de hoxe nos están dando problemas, moitos anos despois da súa realización; non queremos recordar aquela de Bargiela que o Sr.Fernández case tira varias casas alí en Corea; agora o que queremos é que a obra quede ben e que o control de calidade nos diga que non vamos a ter problemas no futuro.

Quero pedir disculpas ós veciños porque é certo que houbo algunha discusión co encargado, e se lle chamou ó orden; pero entendemos que a obra era moi necesaria e creo que vai a quedar moi ben esa parroquia, ese barrio importante de Baiona, unha vez realizada.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nadie duda da necesidade das obras, Sr.Alcalde.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**5º.- Con respecto ás medidas de seguridade que se ian a tomar na carretera de Belesar, á altura do Colexio de Sabarís e do cruce Xuncal-Caeiro, ¿para cando está previsto leválas a cabo?.**

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** UNION FENOSA fai dúas semanas que rematou as obras.

**SR.ALCALDE.-** Igual temos que agradecerllo ó Sr.Fernández, a verdade é que despois de bastantes anos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** A mín non; ó Papa o que é do Papa, e a Roma o que é de Roma.

**SR.ALCALDE.-** Polo menos non foi en contra da retirada, Sr.Fernández.

Se ía facer unha obra parcial dun novo paso de peatóns mentres non retiraba UNION FENOSA; agora xa, o comentamos esta semana co inxeniero da Deputación, coa retirada xa se ten prevista a definitiva remodelación; e que a idea sua era poder facéla a partir de xaneiro; estes días xa non podía ser; pero que o proxecto está completo; haberá unha zona de saída, un carril adicional para poder sair e entrar con maior seguridade, e tamén mellorará o tema de aceras; creo que quedará moi ben; a partir de xaneiro a Deputación poráse con ese proxecto.

**6º.- A seguinte pregunta xa está contestada, era da presentación dos orzamentos.**

**7º.- ¿Para cando ten previsto sacar novamente o PXOU?.**

**SR.ALCALDE.-** Estamos un pouco con esa rectificación polas diferentes normas que saíron, como o Plan do Litoral, que creo que se aproba nestes días. O equipo de goberno o que vai a tratar de sacar si é posible, é un documento que sexa consensuado coa oposición pero sobre todo que teña unha base xurídica clara, iso é o importante; non queremos que sexa un Plan Xeral pendente de posibles erros senón que sexa un documento para 10, 15 anos, e que non teñamos que estar modificando continuamente. Polo tanto se informará á oposición para que podamos ter un documento fiable e que nos dé seguridade base xurídica.

**8º.- ¿Para cando ten previsto sacar novamente o PEPCHAB?.**

**SR.ALCALDE.-** Estamos tamén con él; eu son un pouco máis optimista en canto ó PEPCHAB; vamos a ver se podamos dar pronto un paso definitivo neste tema; estamos facendo esforzos para poder presentar, despois do informe de Patrimonio, un documento que podamos aprobar entre todos.

---

**SR.FERNANDEZ, BNG.- Outra pregunta: no informe de Intervención 128/2010, relativo á relación de facturas, aparece unha de 2.369,88, e a Interventora dí que está disconforme con pagála e que corresponde ó pago a PLYGEPE; se supón que pola obra que fixo en Santa Liberata, non o sei; nos gustaría saber a qué corresponde esta factura e porqué motivo está disconforme a Interventora, e porqué motivo se pagou.**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.  
Moitas grazas e Felices Festas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Igualmente a todos e a todas; Felices Festas.

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as doce horas e cincoenta e cinco minutos do mesmo día,de todo lo cal como Secretaria,CERTIFICO.